




BADMINTON ESCOLAR

XOGOS GALEGOS DEPORTIVOS EN IDADE ESCOLAR



1. INSCRIPCIÓN

A inscrición no programa XOGADE (Xogos Galegos Deportivos) en Idade Escolar formalizarase a través da páxina Web www.deporteescolargalego.com. Pódese acceder tamén a través da web "xogade.xunta.gal".

A data de peche de inscrición é o 15 de novembro de 2018.

2. PARTICIPANTES

Poderán participar neste programa XOGADE, na modalidade de Bádminton, todos os xogadores/as afiliados/as a clubs, asociacións, centros de ensino, etc. nas categorías benxamín, alevín, infantil e cadete.

3. CATEGORÍAS

Benxamín: nados anos 2010-2009 (masculina e feminina).

Alevín: nados nos anos 2008-2007 (masculina e feminina).

Infantil: nados nos anos 2006-2005 (masculina e feminina).

Cadete: nados nos anos 2004-2003 (masculina e feminina).

Se un xogador/a o desexa, pode competir na categoría inmediatamente superior, perdendo o dereito a xogar na súa categoría.

4. SISTEMA DE COMPETICIÓN

A competición será individual.

FASE COMARCAL-ZONAL: O sistema de competición será establecido polo Servizo Provincial de Deporte coa orientación da federación galega, sempre en función do número de inscritos.

FASE PROVINCIAL

Disputaranse as categorías, benxamín, alevín, infantil e cadete, feminino e masculino. Para esta fase clasificaranse os 16 mellores xogadores/as por categoría.

5. REGLAS DE XOGO

Xogarase sobre unha pista coas medidas aprobadas pola Federación Galega de Bádminton. Os volantes de xogo serán homologados pola federación galega para a tempada en vigor e serán de nailon para todas as categorías e fases.

Só se recoñecerá como delegado/adestrador á persoa que figure na folla de inscrición.

Os adestradores poden estar na zona circundante á pista de xogo pero sen interferir neste. No caso de que un adestrador interfira no xogo, o árbitro ou un xogador (se non hai árbitro) poden parar o xogo. Repetirase este dende o último saque, que non será contabilizado, e o último xogador que serviu saca outra vez.

Enténdese por xornada a relación de encontros que se disputan nun día.

Os xogadores deben ir de curto e con camiseta identificativa das entidades que representan.

A organización disporá de árbitros para a competición. Se é necesario, o xuíz árbitro poderá nomear, entre os xogadores participantes no torneo, un árbitro de acordo co estipulado no Regulamento Xeral Técnico de Competición da Federación Galega de Bádminton.

6. SISTEMA DE PUNTUACIÓN

Cada partido entre dous xogadores/as disputarase ao mellor dun único set de 30 puntos directos sen prolongación. Gaña o primeiro que chegue a 30 puntos podéndose dar un resultado de 30-29. Aos 15 puntos cámbiase de campo e os xogadores teñen dereito a 2 minutos de descanso.

7. CALENDARIO DE COMPETICIÓN

Fases locais ou comarcais: benxamín, alevín, infantil e cadete, de novembro 2018 a marzo 2019.

Campionato Provincial: benxamín, alevín, infantil e cadete: maio de 2019.

8. OUTRAS NORMAS

Todos os aspectos non recollidos nestas normas serán regulados pola normativa oficial da Federación Galega de Bádminton.

9. SEGURO

Toda a documentación referente á cobertura do seguro está dispoñible no programa Xogade, na páxina web www.deporteescolargalego.com. Nesta páxina o acceso ao protocolo de actuación e á poliza do seguro é aberto.

Lembren que todo o corpo técnico, deportistas e familiares deben coñecer o protocolo de actuación do seguro de accidente deportivo.